

ANTONIO PEREIRA

A infancia recuperada

Baixo a treboada falo con Antonio Pereira. Non hai medo a esta natureza arroutada do outono, non hai medo a esta ferocidade que nos obriga a atarnos ó pao de mesana máis próximo. Mesmo a barra dun bar calquera. Con Pereira falo sen parar, somos moi faladores, el é un escritor criado ós peitos da oralidade, alá, no seu barrio menestrai da Cábila, o barrio da outra beira do río, en Vilafranca do Bierzo. Con Pereira estiven hai meses na Festa da Poesía, unha cousa grande que se fai en Vilafranca xa nos albores do verán. É unha festa, é certo, unha festa grega, e os poemas son lidos en alta voz no medio do parque, se o tempo non o impide. E aparece de súpeto Victoriano Crémer, un dos fundadores da revista Espadaña, e ás veces o poeta Antonio Colinas, que deixou Ibiza por Salamanca porque quería ver un pouco de meseta e estradas longas con horizonte ó fondo. A Pereira, que vive en Madrid, tamen se pode atopar no café Gijón, aínda van os escritores ó café Gijón, non é a mesma cousa que hai anos, é certo, pero os autores novos van ó Gijón polo morbo de ve-las vacas sagradas. A noite que cheguei ó café Gijón estaba Pereira.

Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923), premio Fastenrath en 1988, Torrente Ballester en 1993, e Castilla y León das Letras neste ano 2000, acaba de sacar novo libro hai catro días. É un autor prolífico, perfeccionista pero prolífico. Tenlles collido o truco ós contos. Hai poucos que escriban contos como Antonio Pereira, non é por ofender, pero é así. O seu último libro foi «Me gusta contar», que publicou Mario Muchnik, e tamén de 1999 é a reedición de «País de los Losadas» -ambientada no Courel do seu amigo, xa falecido, Uxía Novoneyra-, e «Cuentos de Medio Siglo», ambas en Espasa Calpe. Pero o novo libro ten selo local, a editorial leonesa Edilesa, que está a facer unha importante obra coa colección 'Los libros de la Candamia', uns libros de enorme beleza e de curioso deseño. «Cuentos de la Cábila» é, de feito, a memoria de Antonio Pereira, os anos da infancia e da adolescencia, narrados ó xeito dos contos, que é como a Pereira lle gusta contar. Leo o libro e atopo cousas que o autor xa me contara moitas veces, pero que non estaban por escrito. É un libro de anécdotas, de obxectos cargados de memoria, esas cousas simbólicas onde se condensa a historia persoal. A nosa vida acumúlase nos obxectos como se fora o po. Non é unha autobiografía, eso queda para máis adiante, é unha

escolma de feitos salientables daquel tempo, pero a maioría son cousas pequeniñas, sucesos cotiáns, esa grande historia que revela a intrahistoria. Máis que unhas memorias, «Cuentos de la Cábila» é unha mirada a través do tempo, ta pouco é que sexa unha mirada nostálgica, senón agarimosa, divertida, agridoce e, ás veces, irónica.

Dígolle que o libro ten unha estraña pureza, unha nuez, unha voz clara. "Iso me din algúns. Eu teño que confesar que estou moi contento. Escribino dun tirón, sen consultar, nada máis coa miña memoria. Non tiven que remexer cartas ni cartafois nin antigas notas, nin mirar arcóns ou armarios. Só tiven que segui-lo dictado dos recordos. Comecei a escribir pensando no que me pedían, en facer capítulos, pero ti sabes que eu prefiro moverme na distancia curta dos contos, así que rematei narrando os recordos como se fosen contos. Algúns dos contos, de feito, como A casa dos Pereiras, son unha completa fabulación. Pero no libro hai moitas cousas verdadeiras, claro. Outras, están no, medio: non son verdade nin mentira, quizais só son soños". Pereira cre que o libro é unha recuperación do mundo local de Vilafranca do Bierzo nos días da súa infancia, pero, sobre todo, o libro é unha mirada. "Miro cara a atrás, miro con ollos do rapaz, non cos ollos cansos de hoxe. Ás veces penso que hai un de contas con moitas cousas miñas daquel tempo".

Mirámo-las fotos do libro. Antón, o deseñador, é un home puntilloso. iso di Pereira, ten unhas normas moi estrictas, e houbo que buscar fotos antigas para as últimas páxinas: as fotos están montadas sobre o caderno de xeografía que o autor tiña na escola no ano 35, un caderno cos mapas do mundo, mudiños e baleiros, esperando que alguén lles dea color. "Hai unha que me gusta moito. Esta na que estou pensativo, coa man na meixela, matinando coma un filósofo. Estou algo pedante aquí. Pero é bonita, ¿non si?". É bonita, Antonio. E tamén é bonita a do mozo de traxe, paseando polas rúas de Lisboa. Lisboa é a mellor cidade do mundo.

No libro pode verse tamén a letra manuscrita de Antonio Pereira, que xa de neno era redonda e coidada, unha letra de rapaz aplicado. Os trazos son agora un pouco máis soltos, pero segue a haber unha rara contención, é unha letra domada, como quen doma unha fera. As gardas do libro reproducen unhas páxinas escritas na máquina de escribir e corrixidas coa pluma por enriba, co coidado dun mestre que corrixe exercicios ós alumnos. "Eu descoñezo o funcionamento dos ordenadores. Escriba cunha máquina que non é eléctrica, xa non atopo nin as cintas nas tendas... Unha reliquia. Se che digo a verdade, garda cinco máquinas de escribir... por si se avarían...".

"La locomotora silbó" foi a primeira frase literaria da que Antonio Pereira ten conciencia. Escribiuna no exame de reválida de terceiro de bacharelato, cando lle

pediran unha redacción sobre a catedral de León. Pereira, que viñera desde Ponferrada no tren, vira a catedral por primeira vez o día anterior, e pareceulle dunha beleza terrible. "Nadie me había dicho que un ángel hermoso puede matarnos con su sombra, nadie me había hablado de Rilke", escribe. Neste retorno á infancia (a nosa verdadeira patria é a infancia, dicía o propio Rilke) Pereira establece unha relación simbólica cos obxectos. As palabras que nomean as cousas conteñen en si mesmas a esencia da memoria. "Claro, unha época queda nos obxectos e nos oficios. Aparecen as bombillas Osram, a fábrica La Cepedana, a ferraxería dos meus pais (os meus ancestros viñan dos ferraxeiros da Fonsagrada)... Mira, eu escriba ó tolo, comigo non van as teorías literarias, pero os sabias a isto chaman lle cousa da semiótica".

Os «Cuentos de la Cábila» debuxan a pisaxe da que nace toda a literatura de Antonio Pereira. Cunha lingua pura, moi próxima á oral idade na que o autor coñeceu a forza das palabras exactas. Mesmo Galicia sae moito no libro. Por exemplo, saen os fogoneiros de Monforte. "Galicia ten razóns para saír. Galicia respírase nos meus libros porque o barrio da Cábila é, de certo xeito, o lugar máis extremo de Castela. Unha vez atravesada a ponte de Vilafranca fálase máis galego que outra cousa".

José Miguel A. Giráldez